

Proxecto “Alborada”

Acompañamento a persoas reclusas en permisos de segundo grao

1. Os comezos

No mes de marzo deste ano comezou a xermolar o proxecto Alborada, coa necesidade manifesta por entidades locais como Asfedro e a Pastoral Penitenciaria dunha vivenda para persoas reclusas que puidesen desfrutar dos seus permisos de segundo grao na cidade de Ferrol. O proxecto ten a vontade de converterse nun espazo que acompañe ás persoas presas carentes de recursos e redes de apoio neses primeiros momentos de liberdade.



Un dos pasos iniciais foi a captación e formación dun equipo de persoas voluntarias comprometidas e sensibilizadas coa realidade das persoas presas. Para elo, nos meses de abril e maio leváronse a cabo varias presentacións-coloquios de achegamento ao mundo do cárcere no centro cívico de Canido que se complementaron con sesións formativas en Cáritas ás persoas interesadas en formar parte do proxecto como voluntarias.



Na formación deste equipo tivemos a oportunidade de coñecer outros proxectos semellantes de Cáritas en Burgos e na Coruña, así como de coñecer o traballo que se fai no cárcere a través da mirada das persoas educadoras e dos propios presos e presas, grazas á visita ao módulo de respecto Nelson Mandela co C.P Teixeira.



2. O proxecto

Como xorde? Detección de persoas reclusas que poderían ser beneficiarias de permisos de segundo grao, pero que non poden levalas a cabo ou teñen que pasalas noutros lugares por non existir un recurso na cidade.

Alborada ten os seguintes obxectivos:

- Dotar ás persoas reclusas en réxime de segundo grao dunha vivenda e cobertura de necesidades básicas durante os seus permisos/saídas.
- Favorecer a adquisición de habilidades persoais necesarias de cara á súa futura saída.
- Promover a xeración de vínculos e redes de apoio na comunidade.

3. Como acompañamos?

Que imos a traballar?

- Acollida, acompañamento e cobertura de necesidades básicas.
- Atención psicolóxica e apoio emocional.
- Habilidades para o emprego e competencias dixitais.
- Habilidades para a vida diaria: xestión económica
- Actividades de participación social, comunitaria, ocio e tempo libre: saídas, horta urbana de Canido etc.

As persoas á súa entrada no piso, contarán cun acompañamento adaptado ás súas necesidades e á intensidade desexada. Deste xeito, haberá unha serie de actividades obrigatorias a realizar e acompañamento adicional a demanda da propia persoa.

Actividades obrigatorias: acollida, 1 comida grupal, 1 actividade socioeducativa, 1 actividade de lecer/ deportiva.



4. Quenes acompañamos?

O equipo Alborada está formado por persoas técnicas e voluntarias que de xeito complementario ofrecen un acompañamento cálido e individualizado que fomente a autonomía e apoie o proceso de reeducación.

O equipo está composto por:

- Persoa técnica acompañante
- Persoa coordinadora do proxecto
- Persoa voluntaria referente
- Equipo de voluntariado acompañante

Cada persoa precisará dunha abordaxe distinta, por iso será esencial o traballo coordinado no equipo, así como cos distintos axentes que interveñen no proceso

de tratamento das persoas.

O equipo voluntario contará con formación continua e adaptada ás necesidades detectadas durante o acompañamento, así como un seguemento individualizado e a xeración de espazos para o coidado e o encontro.